

Informe sobre a atención á dependencia na Galiza

Novembro 2018



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) entrou en vigor no ano 2006 (Lei 39/2006, do 14 de decembro). Desde aquela, o SAAD ofrece servizos e prestacións económicas a aquelas persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Galiza, no seu portal de política social, dentro da Consellaría de Política Social, define a dependencia: “O estado de carácter permanente no que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan a atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal”.

Deben darse tres circunstancias para que unha persoa estea en situación de dependencia:

- A existencia dunha limitación (física, intelectual ou sensorial) que mingua determinadas capacidades da persoa.
- A incapacidade da persoa para realizar por si mesma as actividades da vida diaria.
- A necesidade de asistencia por parte dunha terceira persoa.

Téñense que dar estas tres condicións para ser dependente, pero non todas as persoas alcanzan o mesmo nivel de dependencia, e polo tanto requiren un nivel de axuda distinta. Hai 3 graos de dependencia; tamén neste caso botamos man do portal da Xunta para a distinción entre os tres niveis:

- **Grao I. Dependencia moderada:** cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos, unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía funcional.
- **Grao II. Dependencia severa:** cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dunha persoa cuidadora ou ten necesidades de apoio extenso para a autonomía funcional.
- **Grao III. Gran dependencia:** cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial precisa do coidado indispensábel e continuo doutra persoa ou ten necesidade de apoio xeneralizado para a súa autonomía funcional.

Á súa vez, cada grao divídese en dous niveis.

O SAAD comezou atendendo as persoas dependentes máis severas, mais nacera coa intención de se ir estendendo cara as persoas dependentes moderadas. Entre os cambios de goberno e a crise, cos recortes introducidos, demorouse no tempo a atención ao resto dos colectivos; Os accesos ás prestacións fóronse realizando de xeito progresivo de acordo co seguinte calendario:

- **Ano 2007:** persoas valoradas en grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2.
- **Ano 2008 e 2009:** persoas valoradas en grao II, dependencia severa, nivel 2.
- **Ano 2009 e 2010:** persoas valoradas en grao II, dependencia severa, nivel 1.

- **Ano 2011 ata o 31/12/2011:** persoas valoradas en grao I, dependencia moderada, nivel 2, e se lles recoñecera a concreta prestación.
- **A partir do 1 de xullo do ano 2015:** ao resto de persoas que foron valoradas no grao I, dependencia moderada, nivel 2, e as persoas valoradas en grao I, dependencia moderada, nivel 1.


Á hora de analizar series de servizos e prestacións, hai que ter en conta este calendario.

No Estado español, a axuda de fóra do fogar a dependentes, como vemos, é moi recente. Até hai nada, eran as familias, e sobre todo as mulleres, as que exercían este papel de cuidadoras. Algo mudou nestes últimos anos, pero aínda así, tanto en porcentaxe de persoas beneficiarias, como en gasto público en dependencia, estamos moi lonxe da maioría dos países de Europa.

A dependencia pode afectar a calquera persoa, sexa cal sexa a súa idade, aínda que , coa idade, adoitan aumentar os problemas de saúde e, con eles, as posibilidades de se ver en situación de dependencia.

Así, un primeiro indicador é a porcentaxe de persoas con máis de 65 anos que reciben axuda para a dependencia. Comezamos polo comparativa do Estado español cos principais países do noso contorno.

Porcentaxe de persoas de máis de 65 anos que reciben axuda para a dependencia. OCDE. 2015



Fonte: FEDEA. *Estudios sobre la Economía Española*. Observatorio de Dependencia 2017.


Na meirande parte dos países, as persoas reciben máis axuda para a dependencia no fogar que das institucións, agás en tres países: Polonia, Bélxica e Dinamarca, onde as persoas con máis de 65 anos dependentes están atendidas no 100% dos casos por institucións; no resto, o peso da familia é maior.

Logo, está o caso de Italia, onde non hai axuda das institucións.

Entre os países que combinan institucións e fogares, soamente en Portugal o peso das institucións é menor que no Estado Español, que é, polo tanto, o segundo país con menor peso das institucións.

Continuando cos datos de FEDEA, a devandita fundación proporciónanos o gasto en coidados de longa duración¹ en porcentaxe do PIB de 28 países da OCDE.

Gasto en coidados de longa duración en % do PIB. 2007 e 2015.



Fonte: FEDEA. *Estudios sobre la Economía Española*. Observatorio de Dependencia 2017.

O PIB só contabiliza os bens e servizos que pasan polo mercado, é dicir, nos que hai unha prestación económica a cambio. Se non a hai, non forman parte do PIB, polo que temos que entender que, nos países onde o peso é tan baixo, o coidado de dependentes recae exclusivamente na familia sen ningún tipo de axuda.

O Estado español está entre os países da OCDE que destinan menos do 1% do PIB a este fin. En xeral, son os países do sur do Europa os que menos fondos dedican á dependencia.

A media dos países da OCDE está próxima ao 1,5%. Nos países do norte de Europa destínase entre o 2,5 e o 3% do PIB a este fin.

Queda moito camiño por recorrer no Estado español para se achegar á media europea no que atinxe á dependencia.

Centrándonos en Galiza, para acceder as prestacións do SAAD, primeiro hai que facer unha solicitude. A partir de aí, as autoridades correspondentes avalían a situación da persoa solicitante e ditaminan. En caso de que se considere que a persoa solicitante ten dereito a prestación, pasa a ser beneficiaria. Polo tanto, non todas as persoas solicitantes teñen dereito a prestación.

¹ Segundo a Organización Mundial da saúde (OMS), os coidados de longa duración son: “o sistema de actividades levadas a cabo por coidadores informais (familia, amigos ou veciñanza), ou profesionais (sanitarios, sociais ou outros), ou ambos, para conseguir que unha persoa que non sexa capaz de coidar de si mesma manteña a mellor calidade de vida posíbel”.


Unha vez que se recoñece a dependencia, e polo tanto se se é persoa beneficiaria, pode pasar un tempo até que se perciba a prestación. É o que se deu en chamar o “limbo da dependencia”.

A evolución, no caso de Galiza, desde a implantación da lei foi como segue.

Solicitudes, ditames e beneficiarios de prestacións. Galiza

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Solicitudes	49.252	62.775	87.350	88.468	88.058	82.440	81.101	79.244	79.530	80.796
Ditames	40.823	56.954	71.302	78.608	80.636	79.262	76.654	77.804	79.293	79.293
Persoas beneficiarias con dereito a prestación	31.689	44.974	53.250	62.404	61.956	56.835	53.881	65.495	66.494	67.228
Persoas beneficiarias con prestación	31.689	28.589	32.897	34.092	39.040	38.729	39.004	41.823	49.101	55.370
Limbo da dependencia	0	16.385	20.353	28.312	22.916	18.106	14.877	23.672	17.393	11.858

Fonte: http://www.imserso.es/imserso_01/documentacion/estadisticas/info_d/estadisticas/est_inf/inf_gp



No que atinxe á relación entre solicitudes e ditames, no ano 2017 en Galiza situouse no 98%, é dicir, de cada 100 solicitudes presentadas, ditamináronse no ano o 98%, porcentaxe similar á media estatal.

A relación entre persoas beneficiarias con dereito a prestación e ditames foi mellorando a medida que se ían incorporando no sistema os distintos tipos de dependentes. Así, no ano 2017 o 85% dos ditames foron positivos, é dicir, concedeuse o dereito á prestación, isto é, preto de 10 puntos superior aos inicios deste programa.

Logo están as persoas que, tendo recoñecida a dependencia e o dereito a unha prestación, non a están percibindo, é dicir, o “limbo da dependencia”. Este varía durante o período. Aínda que se mantén en valores altos en case todos anos, os maiores picos correspóndense con anos en que se foron incorporando novos graos de

dependentes ao sistema (2011 e 2015). Aínda así, no 2017, despois de dous anos da última incorporación, había 11.858 persoas en Galiza no limbo da dependencia.

Resulta importante coñecer a que nivel de dependencia pertencen estas persoas que se manteñen neste limbo, xa que ano tras ano asistimos á nova de mortes de persoas englobadas nesta situación.

Os datos que se facilitan, segundo grao, son os de persoas beneficiarias con dereito a prestación.

Persoas beneficiarias con dereito a prestación segundo grao. Galiza.

	2015	2016	2017
Persoas beneficiarias con dereito a prestación	65.495	66.494	67.228
Grao III	23.132	24.907	25.094
Grao II	24.474	23.560	23.601
Grao I	17.889	18.027	18.533

Fonte: http://www.imserso.es/imserso_01/documentacion/estadisticas/info_d/estadisticas/est_inf/inf_gp

En total, en Galiza no ano 2017, había 67.228 persoas beneficiarias con dereito a prestación. Segundo o grado de dependencia, a distribución das persoas dependentes é bastante semellante, aínda que as de grao III teñen un peso lixeiramente superior; no ano 2017 eran o 37%.


Como se dixo anteriormente, non todas as persoas con dereito recoñecido están percibindo a prestación (o famoso limbo da dependencia), e das que a están percibindo, algunhas teñen dereito a máis dunha axuda. De aí que non coincida o total das persoas beneficiarias con prestación coa segregación por tipo de prestación.

A prestación pode ter natureza de servizo ou de prestación económica. A distribución en Galiza para o ano 2017 é como segue:

Persoas beneficiarias de prestación por tipo de prestación

Servizo	Prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal	4.167
	Teleasistencia	4.049
	Axuda a domicilio	20.465
	Centros de día/noite	7.062
	Atención residencial	7.660
Prestación económica	P.E. vinculada a servizo	6.806
	P.E. coidado familiares	13.392
	P.E. asistencia persoal	100
Total		63.701

Fonte: http://www.imserso.es/imserso_01/documentacion/estadisticas/info_d/estadisticas/est_inf/inf_gp.



O de Axuda a domicilio é o servizo máis usado en Galiza. O 32% das persoas dependentes perciben esta axuda, axuda que pode consistir, ben en atender as necesidades domésticas ou do fogar, ben na atención persoal á persoa dependente. No ano 2017 foron 20.465 as persoas que recibiron esta axuda.

A prestación económica por coidado de familiares é a segunda prestación máis usada en Galiza. En 2017 foron 13.392 as persoas que percibiron a devandita axuda.

Os centros de día/noite e a atención en residencias son as seguintes prestacións máis utilizadas.

Segundo os datos facilitados polo CSIC, a través do *Laboratorio de Envejecimiento en Red*, no ano 2017 en Galiza había 20.285 prazas residenciais, o 5,5% do total estatal.

Se a relación de prazas a facemos con respecto ás persoas con máis de 65 anos (aínda que calquera pode ser dependente, en principio é a partir desta idade cando se comeza en maior medida a facer uso deste tipo de servizos), a ratio é do 3%, é dicir, que só hai 3 prazas para cada 100 persoas maiores de 65 anos, o que contrasta coa media do Estado español, que é de 4,2 prazas. Así, Galiza é, xunto con Andalucía, a cuarta comunidade con menos prazas residenciais por habitante con máis de 65 anos; e só supera a Canarias (2,2 prazas), Murcia (2,3 prazas) e á Comunitat Valenciana (2,9 prazas).

No que atinxe a centros de día -con datos do ano 2016-, segundo a Consellaría de Política Social, o número de prazas era de 8.080.

A distribución de prazas e centros é como segue:

Residencias e centros de día destinadas a persoas maiores en Galiza. 2016

	Residencias									
	privadas		privadas sen fin de lucro		Autonómicas e institucionais		pública local		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Galiza	175	8883	97	7211	47	3767	23	606	342	20467
A Coruña	51	3204	18	1650	18	1635	2	41	89	6530
Lugo	26	1604	22	1412	12	732	6	52	66	3800

Ourense	53	1376	42	2957	10	524	12	394	117	5251
Pontevedra	45	2699	15	1192	7	876	3	119	70	4886

Centros de día										
Galiza	109	4151	18	707	71	2733	15	489	213	8080
A coruña	37	1472	10	414	28	1223	5	190	80	3299
Lugo	13	636	1	19	14	494	4	125	32	1274
Ourense	11	331	3	143	11	361	5	94	30	929
Pontevedra	48	1712	4	131	18	655	1	80	71	2578

Fonte: Memoria sobre a situación económica e social de Galiza 2016. CES


As 20.285 prazas residenciais repártense entre 342 residencias, das cales o 79,5% son de titularidade privada. No caso dos centros de día, as de titularidade privada supoñen o 60%.

No que atinxe ao gasto público dedicado a dependencia por parte das administracións, amosamos a continuación tanto o achegado pola administración central do Estado como pola Xunta de Galiza.

Malia que en teoría o gasto tiña que ser compartido ao 50%, xa que son programas compartidos, na práctica isto nunca se chegou a producir.


Comezamos polo orzamentado nos Orzamentos Xerais do Estado.

Orzamento para dependencia. Orzamentos Xerais do Estado. Datos en millóns de euros.



Fonte: FEDEA. *Estudios sobre la Economía Española*. Observatorio de Dependencia 2017.

Orzamentos Xunta de Galiza para dependencia. Millóns de euros.



Fonte: Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas dependentes. Consello de Contas².

Até o ano 2010, o gasto destinado a dependencia viña medrando ano tras ano. A partir dese ano, o goberno central comeza cos recortes, para xa no ano 2012, co decreto de recortes de xullo, caer de forma abrupta, até o ano 2015, en que comeza a recuperarse.

Porén, o que queda patente é que o goberno estatal no ano 2017 aínda gastou 227 millóns de euros menos que no ano 2010, antes do inicio dos recortes.

Por outra parte, non se pode relacionar directamente o descenso de fondos con menos prazas, menor atención..., xa que unha parte importante dos gastos en dependencia ten que ver cos salarios das persoas coidadoras en residencias, que no caso das públicas se viron afectadas directamente polo redución de salarios decretada no ano 2012, o que repercute na contía no programa global de dependencia.

Ademais de descender a cantidade gastada, o goberno central non cumpriu coa obriga que marca a lei de dependencia de cofinanciar o 50% do gasto coas comunidades. Segundo os últimos datos facilitados polo Ministerio de Sanidade, no ano 2016 o goberno central só cubriu, de media, o 16,3% do gasto. As diferenzas por comunidade son moi acusadas, sendo a galega a que percibe a maior contía, 24,7% do total. Aínda que outra forma de ver isto é que Galiza é a comunidade que, porcentualmente, menos dedicou dos seus fondos a dependencia.

A Xunta de Galiza divide os gastos en dependencia en dous programas: 312D (programa de atención a dependencia) e 312E (programa de autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores). Aínda que o que se trata neste informe sería o 312D, coñecer o outro é importante, sobre todo para non se confundir.

A nivel galego, a evolución do gasto segue a mesma tendencia, mais os cambios son menos acusados; así e todo, non hai que esquecer que nos catro últimos anos os datos non son de execución, polo que finalmente é moi posíbel que estes queden máis reducidos do inicialmente orzamentado.

² Os datos até 2015 son de execución. A partir deste ano, son os orzamentados.